

4

Formación en centros

Plan
Anual
de Formación
do Profesorado

2011

2012



4.1 Proxectos de formación e asesoramento en centros. 2011-2012

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, como responsable da planificación da formación do profesorado, prevé a convocatoria de proxectos de formación e asesoramento do profesorado en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso 2011–2012, como modalidade fundamental de formación do profesorado que se desenvolve nos propios centros educativos, para fomentar a súa autonomía pedagóxica e organizativa, favorecendo e estimulando o traballo en equipo dos profesores e profesoras.

Esta modalidade está dirixida a propiciar e facilitar a innovación e a mellora da práctica docente en e desde o propio centro educativo, de modo que incida na mellora da educación atendendo aos aspectos curriculares, organizativos e funcionais derivados do desenvolvemento da LOE.

Isto supón a participación do profesorado no deseño da súa propia formación, desde unha perspectiva de equipo e en función dun proxecto conxunto, co obxectivo de:

- Dar resposta ás necesidades de formación do profesorado, propiciando a consecución do modelo de centro que desenvolva todas as dimensións da práctica educativa.
- Dar resposta ás necesidades de formación do profesorado para o desenvolvemento do proxecto Abalar.
- Fomentar a formación do profesorado nas competencias profesionais para abordar con eficacia as distintas situacións do proceso de ensino e aprendizaxe e no desenvolvemento das funcións que o profesorado debe desempeñar nunha sociedade complexa e en permanente cambio.
- Establecer liñas prioritarias de traballo e de toma de decisións para a mellora consensuada da educación do alumnado e do funcionamento do centro, así como para a planificación, posta en práctica e avaliación de accións que repercutan na mellora da calidade dos procesos curriculares e organizativos.
- Promover a formación dos equipos docentes a través do traballo colaborativo e do fomento da súa autonomía, partindo da experiencia e da capacidade do profesorado.

En consecuencia, coa finalidade de facilitar o desenvolvemento desta formación nos propios centros docentes, procede facer pública a oportuna convocatoria de acordo coas seguintes bases:

Primeira. Obxecto

1. Convocar proxectos de formación e asesoramento nos centros de todos os niveis educativos, agás o universitario, para impulsar proxectos institucionais de centro que nazan da identificación dunha área de mellora, a partir da detección de necesidades e da autoavaliación da súa práctica, con participación de toda a comunidade educativa.

O establecemento da área de mellora, mediante procesos de identificación, clasificación, categorización e formulación, será realizada polo profesorado do centro educativo, baixo a coordinación do xefe ou xefa de estudos e/ou da persoa coordinadora de formación do centro e contará coa colaboración do asesor ou asesora de referencia do Centro de formación e recursos.

Deberá atender a aspectos xerais dos ámbitos curricular, organizativo e de investigación educativa que definan o modelo de centro e contar co compromiso de implantación ou aplicación para propiciar o cambio e a innovación, polo que deberá estar informado o claustro.

O proxecto de traballo será elaborado polo grupo de participantes, dirixido polo coordinador ou coordinadora, coa colaboración do equipo directivo, do asesor ou asesora do Centro de formación e recursos e, de ser o caso, do experto ou equipo de expertos externos que vaian impartir docencia no proxecto.

2. Convocar proxectos de formación e asesoramento específicos para centros Abalar que, seguindo o proceso descrito no apartado 1, atenda aos obxectivos e temática do proxecto Abalar para propiciar a incorporación das tecnoloxías da comunicación na aula. A solicitude de participación realizarase atendendo a modalidade que corresponda:
 - **Modalidade 2A.** Proxectos de formación e asesoramento para centros que se incorporan no curso 20011-12 á Rede Abalar
 - **Modalidade 2B.** Proxectos de formación e asesoramento para centros que xa pertencían en cursos anteriores á Rede Abalar.

Segunda. Destinatarios

Poderán participar nesta convocatoria polo apartado 1 os centros educativos sostidos con fondos públicos de niveis non universitarios que libremente o decidan.

Poderán participar polo apartado 2 os centros educativos sostidos con fondos públicos pertencentes á Rede Abalar.

- **Modalidade 2A:** os centros que neste curso se incorporen á Rede Abalar para os que será obrigatoria a participación no proxecto de formación e asesoramento de todo o profesorado que imparta docencia a alumnado de aulas Abalar.
- **Modalidade 2B:** poderán participar os centros que xa pertencían á Rede Abalar en cursos anteriores. Deberán participar polo menos os dous terzos do profesorado que imparta docencia a alumnado da Rede Abalar.

Terceira. Duración

A duración do proxecto de formación e asesoramento será dun mínimo de 30 horas e un máximo de 50 durante o curso académico 2011–2012.

Cuarta. Preinscrición e prazos

Os centros educativos interesados deberán comunicarlle ao Centro de formación e recursos correspondente, por correo electrónico, fax ou correo postal, o seu propósito de participar na convocatoria mediante a preinscrición (Anexo I) ata o 30 de setembro para poder realizar, coa intervención deste, a delimitación do tema e a elaboración do proxecto.

Os centros Abalar interesados en participar farano constar na solicitude, así como a modalidade pola que participan, e especificarán que o proxecto versará sobre a temática específica do Proxecto de formación de centro Abalar .

A presentación da solicitude de participación, segundo o modelo do anexo II, e a documentación complementaria, realizarase no Centro de formación e recursos correspondente ao centro educativo ata o 14 de outubro de 2011.

Como norma, un centro que teña concedido un proxecto non poderá participar noutro proxecto de formación e asesoramento en centros no mesmo curso académico.

Quinta. Solicitude .Documentación

A solicitude de participación deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- Relación do profesorado comprometido no proxecto, segundo o punto 4 do modelo de solicitude (Anexo II). O número de participantes será do 50% de membro do claustro, agás nos casos nos que a Comisión de selección considere xustificado reducir o número mínimo dos mesmos.

No caso de proxectos Abalar da modalidade 2A, deberá figurar todo o profesorado que imparta docencia a alumnado Abalar

No caso de proxectos Abalar da modalidade 2B, deberán figurar polo menos os dous terzos do profesorado que imparta docencia a alumnado da Rede Abalar.

- Proxecto, no que se desenvolvan os puntos recollidos no Anexo III, segundo o apartado e modalidade pola que participen.
- Certificación de que foi informado o claustro.

A documentación á que fai referencia este apartado presentarse en soporte papel e informático.

Sexta. Comisión de selección

A selección será realizada en cada Centro de formación e recursos por unha comisión integrada por:

- O inspector ou inspectora do Centro de formación e recursos, que actuará como presidente.
- O director ou directora do Centro de formación e recursos.
- O secretario ou secretaria do Centro de formación e recursos, que actuará como secretario ou secretaria da comisión.
- Dúas persoas asesoras de formación propostas pola dirección do centro.

Son funcións da comisión de selección:

- Seleccionar e aprobar os proxectos presentados que cumpran os requisitos e criterios establecidos na presente convocatoria.
- Velar para que se cumpran as condicións establecidas na aprobación definitiva.
- Resolver sobre a continuidade daqueles proxectos dos que do seguimento se deduza que non se axustan ás condición de aprobación.
- Informar á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da marcha dos diferentes proxectos de formación e asesoramento en centros, cando sexa requirido por esta.
- Avaliar e propoñer a certificación da formación dos participantes unha vez concluído o proxecto, entregada a memoria final e valorada positivamente

Sétima. Selección

A comisión de selección, no prazo de 20 días naturais a partir do seguinte ao de finalización do prazo de presentación, unha vez analizadas as solicitudes recibidas e os informes elaborados polos asesores e asesoras responsables do proxecto,

realizará a selección e aprobación dos proxectos de formación e asesoramento en centros que, cumprindo os requisitos mencionados na base quinta desta convocatoria, se axusten aos seguintes criterios:

- Coherencia entre obxectivos, contidos, actividades, metodoloxía e procesos de avaliación, así como concreción de todos os aspectos citados.
- Relevancia innovadora do proxecto e repercusión na práctica do centro educativo.
- Adecuación da metodoloxía proposta.
- Viabilidade do plan de traballo previsto.
- Adecuación e coherencia na proposta de organización temporal e dos recursos humanos e materiais.
- Coherencia coa temática na que se debe encadrar o proxecto de formación da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Oitava. Resolución da convocatoria

A resolución da convocatoria, coa relación de proxectos aprobados, denegados e excluídos, farase pública no taboleiro de anuncios do Centro de formación e recursos e comunicaráselle por escrito á persoa coordinadora de cada un dos proxectos. No caso dos proxectos excluídos ou denegados, figurarán explicitamente as causas correspondentes.

Contra esta resolución, os centros interesados poderán presentar as oportunas alegacións no Centro de formación e recursos perante o presidente ou presidenta da comisión de selección no prazo de 10 días, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Unha vez resolta a convocatoria, non se admitirán modificacións na relación de participantes.

Novena. Dotación e xestión económica

O proxecto contará cun orzamento para o seu desenvolvemento, polo que virá acompañado da correspondente proposta, segundo os seguintes conceptos:

- Docencia ou intervención/dirección de persoas expertas non destinadas no Centro de formación e recursos ou no propio centro educativo. Como norma xeral, esta non poderá exceder do 30 % das horas previstas para o desenvolvemento do proxecto

Nos proxectos Abalar, a docencia, que poderá ser impartida por profesorado con destino no centro, acadará como máximo o 40% do total das horas previstas para desenvolver o proxecto.

- Material funxible e bibliografía.
- Desprazamentos (cando sexan necesarios para o desenvolvemento dalgunha actividade).

En todo caso, a dotación económica do proxecto de formación e asesoramento en centros non poderá exceder dos 1.200 euros e deberá constar expresamente que non se recibiu nin se solicitará ningunha outra axuda económica.

A xestión económica dos proxectos de formación e asesoramento en centros realizaraa a persoa asesora responsable de cada proxecto en cada Centro de formación e recursos, con cargo ao orzamento do plan de formación, agás os proxectos específicos para centros Abalar, que irán con cargo ao presuposto do proxecto Abalar.

Décima. Coordinación e asesoramento

A persoa coordinadora do proxecto terá, entre outras, as seguintes funcións: organizar o traballo do grupo, convocar, dirixir e comprobar a asistencia ás reunións, coordinar a avaliación do proxecto, así como a elaboración dos materiais e a presentación da memoria final. Para iso levantará acta, no programa de xestión (www.edu.xunta.es/fprofe), das reunións de traballo que se celebren no desenvolvemento do proxecto, así como todos aqueles formularios e documentos requiridos polo Sistema de Xestión da Formación do Profesorado (www.edu.xunta.es/fprofe).

A persoa coordinadora dos proxectos Abalar será o coordinador/a Abalar do centro.

O Centro de formación e recursos ofrecerá apoio e asesoramento. Para tal efecto, a persoa asesora responsable deberá asistir ás sesións de traballo do grupo que considere oportunas e especialmente aos relatorios impartidos por persoas expertas alleas ao centro.

Así mesmo, a persoa asesora será a responsable da selección e proposta das persoas expertas externas que poderán participar tanto na elaboración do proxecto escrito e no desenvolvemento del, como impartindo os módulos formativos acordados, segundo os casos, así como no proceso de avaliación final do proxecto.

Décimo primeira. Seguimento

Correspóndelle á comisión de selección prevista na base sexta o seguimento do desenvolvemento do proxecto.

A persoa asesora responsable de cada proxecto elaborará un informe de seguimento antes das reunións da comisión de selección.

Décimo segunda. Memoria final.

As persoas coordinadoras dos proxectos presentarán unha memoria final ao remate do proceso axustada ao modelo do Anexo IV desta convocatoria. Esta será entregada en soporte informático.

A data límite de entrega da memoria final no Centro de formación e recursos correspondente será o 1 de xuño de 2012.

Décimo terceira. Avaliación final.

A avaliación de cada proxecto de formación e asesoramento en centros será competencia da comisión de selección.

As persoas asesoras responsables de cada proxecto deberán elaborar un informe final relativo ao desenvolvemento do mesmo e da memoria final presentada.

A comisión de selección contará con estes informes para avaliar a memoria final e proporlle á dirección do Centro de formación e recursos o número de horas acordadas para cada proxecto, para os efectos de certificación.

Non poderá propoñer para a certificación ao profesorado que non asistise ao 85% da duración do proxecto, segundo a lexislación vixente.

Décimo cuarta. Certificación

A dirección do Centro de formación e recursos correspondente expediralle ao profesorado participante o certificado acreditativo da súa participación no proxecto de formación e asesoramento en centros. No certificado constará se foi participante ou persoa coordinadora e o número de horas realizadas, proposto pola comisión de selección na acta de avaliación final do proxecto, sen superar en ningún caso un máximo de 50 horas.

Nos Proxectos Abalar, se unha persoa participante ou coordinadora actuara ademais como relatora, a expedición dos correspondentes certificados axustarase á normativa vixente.

Décimo quinta. Difusión e publicación de materiais.

Os materiais elaborados nos diferentes proxectos poderán ser difundidos pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa a través da rede de Centros de formación e recursos e do portal educativo.

Se o centro educativo decide publicar os materiais, deberá axustarse á normativa vixente, tanto na orixinalidade dos materiais como no uso das imaxes. Deberá , tamén, facer constar que tivo subvención da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e incluír o logotipo.

Para obter o logotipo: <http://www.xunta.es/composicion-con-presidencia-e-consellerias>

Os materiais elaborados estarán suxeitos á licenza creative commons by-nc-sa.



Recoñecemento - NonComercial - Compartir igual (by-nc-sa):

Non se permite un uso comercial da obra orixinal nin das posibles obras derivadas, a distribución das cales debe facerse cunha licenza igual á que regula a obra orixinal.

para máis información: <http://www.edu.xunta.es/web/node/2562>

ANEXO I. PREINSCRICIÓN

A xefatura de estudos do centro cuxos datos se relacionan

Nome do centro:		
Enderezo:		
Localidade:		Código postal:
Concello:		
Correo electrónico:	@edu.xunta.es	Teléfono:
Tipo de centro:	Público: <input type="checkbox"/>	Privado concertado: <input type="checkbox"/>
	Proxecto Abalar modalidade A: <input type="checkbox"/>	Proxecto Abalar modalidade B: <input type="checkbox"/>
Número total de profesorado do centro:		
Número total de profesorado que podería estar implicado:		
Tema previsto:		

COMUNICA o interese do centro en participar na convocatoria de proxectos de formación e asesoramento en centros realizada polo Centro de formación e recursos, para o curso académico 2011-2012 e solicita a colaboración do mesmo na elaboración do proxecto.

_____, ____ de _____ de 20__

Asdo: _____

Vº. e prace
O/A director/a do centro
(*sinatura e selo*)

Asdo: _____

Dirección do Centro de Formación e Recursos de _____

ANEXO II. SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

1. Título do proxecto de formación e asesoramento en centros:

--

2. Centro:

Nome do centro:	
Enderezo:	
Localidade:	Código postal:
Concello:	Teléfono:
Correo electrónico:	@edu.xunta.es
Tipo de centro:	Público: <input type="checkbox"/> Privado concertado: <input type="checkbox"/>
	Proxecto Abalar modalidade A: <input type="checkbox"/> Proxecto Abalar modalidade B: <input type="checkbox"/>
Número total de profesorado do centro:	
Número total de profesorado que podería estar implicado:	
Número total de profesorado que solicita participar no proxecto:	

3. Persoa coordinadora:

Apelidos e nome:	Sinatura
Especialidade:	
NIF:	
Correo electrónico:	

4. Componentes do proxecto de formación e asesoramento en centros que manifestan que cumpren os requisitos da convocatoria e non incorren en ningunha das incompatibilidades establecidas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

Nº	Apelidos, nome/ Especialidade	NIF	Centro de destino/ correo electrónico	Sinatura
1			@edu.xunta.es	
2			@edu.xunta.es	
3			@edu.xunta.es	
4			@edu.xunta.es	
5			@edu.xunta.es	
6			@edu.xunta.es	
7			@edu.xunta.es	
8			@edu.xunta.es	
9			@edu.xunta.es	
10			@edu.xunta.es	
11			@edu.xunta.es	
12			@edu.xunta.es	

SOLICITA participar na convocatoria de proxectos de formación e asesoramento en centros do Centro de formación e recursos, para o curso académico 2011-2012.

_____ de 20__

O/A xefe/a de estudos

Vº. e prace
O/A director/a do centro
(sinatura e selo)

Asdo: _____ Asdo: _____

Dirección do Centro de Formación e Recursos _____

ANEXO III. GUIÓN PARA A ELABORACIÓN DO PROXECTO

Proxectos de temática xeral

1. Título do proxecto.
2. Xustificación, que deberá contemplar, entre outros, os seguintes aspectos:
 - Punto de partida do centro no referente ao desenvolvemento do traballo (contexto, formación e experiencia previa no tema obxecto do traballo).
 - Detección de necesidades para a identificación da área de mellora.
 - Autoavaliación da práctica educativa da que se parte. Implicación da comunidade educativa.
 - Importancia do proxecto para a práctica pedagóxica, organizativa e de funcionamento do centro.
3. Obxectivos de formación e de repercusión na práctica docente.
4. Programa de contidos e actividades coa súa temporalización.
5. Metodoloxía que se pretende seguir e procedementos de traballo previstos.
6. Organización de recursos humanos e materiais.
7. Establecemento de criterios e procesos para a avaliación dos diferentes aspectos do proxecto e da súa repercusión na práctica educativa referentes, polo menos, aos seguintes aspectos:
 - Análise e valoración das producións do grupo e da docencia recibida.
 - Aplicación e repercusión do proxecto na práctica educativa.
 - Metodoloxía empregada.
 - Grao de satisfacción do grupo co traballo realizado.
 - Organización dos recursos humanos e materiais.
 - Reflexións realizadas, logros e incidencia do proxecto no centro.
 - Propostas de mellora e, no seu caso, de continuidade do traballo.
8. Temporalización: calendario e horario previstos para a realización do proxecto.
9. Necesidades orzamentarias, de acordo co establecido na base novena da convocatoria.

10. Indicación expresa de que para este proxecto de formación e asesoramento en centros non foi recibida ningunha outra achega económica e que non se ten solicitada.

Proxectos Abalar

Deberán recoller todos os apartados dos PFAC de temas xerais e tratarán algunha das seguintes temáticas específicas:

- Organización e liñas de actuación para a integración das TIC nas aulas (implicacións do profesorado, do alumnado, do resto de persoal do centro, emprego de recursos, disposición espacial das aulas, protocolos, etcétera)
- Emprego da metodoloxía de proxectos
- Encerado Dixital Interactivo (EDI): uso e elaboración de recursos didácticos para o emprego na aula.
- Incorporación de boas prácticas educativas que usen as TIC como experiencias de aula.
- Elaboración de actividades facendo uso do software que se inclúe no equipamento Abalar.
- Elaboración de actividades facendo uso das ferramentas educativas da Web 2.0.
- Emprego de ferramentas colaborativas, tanto de aplicación directa na aula como para compartir materiais e experiencias co resto dos compañeiros.
- Emprego de contidos dixitais educativos do Espazo Abalar e outros repositorios, e creación de novos contidos educativos dixitais mediante o uso de ferramentas de autor.
- Clasificación de recursos de interese para a docencia.
- Emprego didáctico das webs dinámicas dos centros (aulas virtuais, portal do centro).
- Elaboración de “*Aventuras na Web*”.
- Establecemento de estratexias para dinamizar as TIC no centro.

ANEXO IV. MEMORIA FINAL

1. Análise do contexto no que se desenvolveu o proxecto.
2. Xustificación das variacións introducidas respecto do proxecto inicial, se é o caso.
3. Consecución dos obxectivos:
Obxectivos propostos.
Obxectivos acadados ao final do proceso.
Obxectivos non acadados
4. Contidos desenvolvidos e actividades realizadas.
5. Criterios e procesos de avaliación empregados.
6. Conclusións: logros e incidencia no centro.
7. Relación detallada dos materiais didácticos elaborados e dos documentos que se entregan (en soporte de papel e informático).
8. Acta de resumo final asinada polo coordinador ou coordinadora e co visto e prace da xefatura de estudos. Deberá incluír o nome e apelidos, o DNI, o NRP e as horas de traballo do profesorado que participou con regularidade no proxecto de formación e asesoramento en centros.
9. Materiais elaborados.

4.2 Convocatoria de grupos de traballo. 2011-2012

Os centros de formación e recursos e o CAFI, consonte o establecido na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, da Educación, e nas liñas prioritarias de formación do profesorado da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, fan pública a convocatoria que posibilita a constitución de Grupos de traballo de temática xeral e de grupos de traballo para o desenvolvemento de proxectos Abalar.

Tratase dunha modalidade de formación na que un grupo de profesoras e profesores intenta identificar os posibles ámbitos de mellora da súa práctica docente, a partir dunha reflexión colectiva, e decide traballar en equipo para conseguila.

Os grupos de traballo desenvolvanse conforme as seguintes bases:

Primeira. Obxecto

Esta modalidade de formación ten como finalidade:

- Potenciar o traballo en equipo.
- Reflexionar sobre os procesos de ensinanza e aprendizaxe.
- Actualizar coñecementos científicos e didácticos para a súa aplicación na aula.
- Atender ao desenvolvemento do proxecto Abalar do centro para a introdución das TIC na práctica docente.
- Elaborar e experimentar materiais didácticos.
- Realizar propostas de mellora da práctica docente.

O proxecto do grupo de traballo elaborárase conxuntamente polo grupo de participantes e deberá desenvolver, como mínimo, os puntos que se recollen no Anexo III da presente convocatoria.

No caso de que se trate dun Grupo de traballo Abalar deberá axustarse a algunha das temáticas que se presentan no Anexo III. Temática dos GT Abalar.

O grupo de traballo poderá contar cun número de horas de docencia que non poderá exceder o 20% das horas totais do proxecto. Esta docencia será programada e coordinada pola persoa asesora de formación correspondente.

Segunda. Compoñentes

Poderá participar o profesorado en servizo activo de todos os niveis educativos, agás o de nivel universitario, que imparta docencia en centros sostidos

con fondos públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Os dous terzos do total de membros do grupo, así como a persoa coordinadora, deberán pertencer ao ámbito do Centro de formación e recursos ou do CAFI no que se presente a solicitude, que deberá aterse ao establecido na base quinta desta convocatoria.

Para participar pola modalidade de Grupo de traballo Abalar, o total de membros do grupo, así como a persoa coordinadora, deberán pertencer a centros da Rede Abalar do ámbito do Centro de formación e recursos e o CAFI no que se presente a solicitude, que deberá aterse ao establecido na base quinta desta convocatoria, e ademais 1/3 do profesorado participante no grupo de traballo será profesorado que imparta docencia en aulas Abalar.

O grupo de traballo estará constituído por un mínimo de 5 membros e un máximo de 12, pertencentes ao mesmo ou a distintos centros educativos, incluíndo neste cómputo a persoa responsable da coordinación do grupo.

A participación nun grupo de traballo exclúe a participación noutros grupos de traballo e en seminarios permanentes agás nos grupos de traballo asociados con experiencias piloto promovidas pola Consellería de Educación. Así mesmo exclúe a participación en proxectos de formación e asesoramento en centros coa mesma temática, e tamén nas convocatorias que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria estableza como incompatibles coa de grupos de traballo.

A sede do grupo de traballo será o centro educativo da persoa coordinadora e pertencerá ao ámbito do Centro de formación e recursos.

Terceira. Duración

O número de horas de formación non será inferior a 20 nin superior a 50 durante o curso académico 2011–2012.

Cuarta. Orzamentos

O proxecto contará cun orzamento para o seu desenvolvemento, polo que se deberá acompañar dunha proposta que conteña os seguintes conceptos:

- Docencia, se a houber, de persoas expertas que non poderán estar destinadas no centro de formación e recursos e o CAFI no que se presente a solicitude, nin nos centros educativos do profesorado que participe no grupo, nin pertencer ao grupo de traballo.
- Material funxible e bibliografía.

- Desprazamentos. En ningún caso se admitirán como xustificación de gastos os desprazamentos para reunións dos compoñentes do grupo de traballo.

A dotación económica de cada grupo de traballo será acordada pola comisión de selección, con cargo aos orzamentos do plan de formación do Centro de formación e recursos, e non poderá exceder os 1.000 euros por grupo de traballo.

A persoa asesora de formación, responsable do grupo de traballo, será a encargada de realizar a xestión do correspondente expediente económico e administrativo.

A bibliografía e os materiais adquiridos co orzamento concedido quedarán depositados no centro sede do grupo de traballo, unha vez rematado o traballo

Quinta. Solicitude e prazo de presentación de proxectos de traballo

As solicitudes de preinscrición e participación, dirixidas ao director ou directora do Centro de formación e recursos ou do CAFI e cumprimentadas segundo o modelo dos anexos I e II respectivamente, presentaranse, xunto á documentación pertinente, no Centro de formación e recursos ou no CAFI ao que estea adscrito o centro sede do grupo de traballo.

Para participar pola modalidade de Proxecto Abalar, deberá indicarse expresamente tanto na solicitude de preinscrición como na presentación do proxecto.

Esta convocatoria de grupos de traballo terá os seguintes prazos de **presentación**:

		PREINSCRICIÓN	PRESENTACIÓN
Modalidade GT xeral	1º prazo	ata o 30 de setembro de 2011	ata o 14 de outubro de 2011
	2º prazo	ata o 15 e novembro de 2011	ata o 30 de novembro de 2011
Modalidade GT Abalar	Prazo único	ata o 30 de setembro de 2011	ata o 14 de outubro de 2011

Sexta. Documentación

A solicitude de participación deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- Proxecto de traballo, no que se desenvolvan os puntos recollidos no Anexo III. Presentarase en soporte papel e informático.
- Visto e prace do director ou directora do centro proposto como sede.

Sétima. Comisión de selección

A selección dos grupos de traballo será realizada, en cada Centro de formación e recursos e o CAFI, pola comisión de selección prevista na base sexta da convocatoria de proxectos de formación e asesoramento en centros.

Oitava. Selección dos proxectos

Unha vez presentado o proxecto nas condicións establecidas nas bases quinta e sexta da presente convocatoria, a comisión de selección deberá reunirse nun prazo máximo de 20 días contados a partir do día seguinte ás datas de remate do prazo de entrega da solicitude.

A comisión de selección de grupos de traballo terá en conta, ademais, os seguintes criterios:

- Adecuación ás bases da convocatoria e ás liñas prioritarias de formación do profesorado establecidas pola Consellería de Educación e enmarcadas na LOE 2/2006.
- Repercusión do proxecto na práctica docente mediante a aplicación na aula.
- Relevancia innovadora do proxecto.
- Coherencia entre obxectivos, contidos, actividades, metodoloxía e procesos de avaliación, así como concreción de todos os aspectos citados.
- Adecuación e coherencia da proposta de organización temporal e dos recursos humanos e materiais.

O proxecto deberá contar co informe favorable da persoa asesora designada a tal fin.

A acta da comisión recollerá a relación dos grupos de traballo seleccionados e dos denegados e excluídos. Nela constará o título do proxecto, o nome da persoa coordinadora, o centro sede, o número de horas e de participantes de cada un dos grupos, así como o orzamento asignado, segundo o establecido na base cuarta da presente convocatoria. No caso dos proxectos denegados e excluídos, especificaranse as razóns correspondentes.

Novena. Resolución da convocatoria

A resolución da convocatoria, coa relación de grupos de traballo aprobados, denegados e excluídos, farase pública no taboleiro de anuncios do Centro de formación e recursos e o CAFI e comunicaráselle por escrito á persoa coordinadora de cada un dos grupos.

Contra esta resolución, as persoas interesadas poderán presentar as alegacións que consideren oportunas perante a presidencia da comisión de selección no prazo de 10 días, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de anuncios do Centro de formación e recursos.

Unha vez resolta a convocatoria, non se admitirán modificacións na relación de participantes.

Décima. Coordinación e asesoramento

A persoa coordinadora de cada grupo de traballo terá ao seu cargo as seguintes tarefas: a organización do traballo do grupo, a convocatoria e coordinación das xuntanzas, a dirección e coordinación do desenvolvemento e avaliación do proxecto, da experimentación ou elaboración de materiais e da realización da memoria. Para tal efecto levantará acta, no programa de xestión (<http://www.edu.xunta.es/fprofe>), das reunións de traballo que se celebren no desenvolvemento do grupo de traballo e cubrirá todos os documentos relativos ao grupo de traballo no citado programa de xestión.

A persoa asesora de formación responsable de cada grupo de traballo, nun proceso colaborativo, poderá asesorar ao grupo en todos os aspectos referentes ao proxecto.

Décimo primeira. Seguimento

O seguimento do desenvolvemento do traballo dos grupos corresponde á comisión de selección.

A persoa asesora, responsable de cada grupo de traballo, elaborará un informe do desenvolvemento do proxecto para presentalo diante da comisión.

Décimo segunda. Memoria do proxecto

Ao finalizar o traballo, a persoa coordinadora de cada grupo presentará, en soporte informático, unha memoria final coa documentación completa, segundo os distintos apartados do proxecto, axustada ao Anexo IV desta convocatoria.

A data límite de entrega da memoria final no Centro de formación e recursos ou no CAFI correspondente será o **1 de xuño de 2012**.

Décimo terceira. Avaliación final

A comisión de selección realizará a avaliación final dos grupos de traballo, tendo en conta o informe da persoa asesora responsable do grupo e a documentación presentada, no prazo de 20 días contados a partir do día seguinte ao remate do prazo de entrega das devanditas memorias.

A acta de avaliación reflectirá o número de horas recoñecido a cada grupo de traballo para os efectos de certificación, atendendo ás actas de reunión de traballo, ao seguimento realizado, aos materiais entregados, ao informe final da persoa asesora responsable do grupo e á coherencia e calidade da memoria presentada.

No caso de que non se realice a memoria final ou non se entregue no prazo previsto, poderá ser revocada a axuda concedida ou librada, coa obriga de re-

integrar a cantidade percibida ao centro de formación e recursos ou o CAFI e suporá a non certificación da actividade.

Non se poderá propoñer para a certificación ao profesorado que non estivese presente no 85% das horas aprobadas para a realización do grupo de traballo, segundo o disposto na normativa vixente.

Décimo cuarta. Certificación

A dirección do correspondente Centro de formación e recursos ou do CAFI expediralle aos membros dos grupos de traballo a certificación acreditativa da coordinación ou da participación nel, acordada pola comisión de selección, unha vez presentada e avaliada positivamente a memoria final.

A certificación farase en función das horas de traballo dedicadas e xustificadas, a proposta da comisión, sen superar en ningún caso un máximo de 50 horas.

Décimo quinta. Difusión e publicación dos materiais

Os materiais elaborados quedarán depositados no Centro de formación e recursos, para consulta do profesorado interesado, e poderán ser difundidos polo devandito centro.

Se as persoas compoñentes dun grupo de traballo deciden publicar os materiais elaborados, deberán axustarse á normativa vixente, tanto na orixinalidade dos materiais como no uso de imaxes. Deberá, tamén, facer constar que tivo subvención da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e incluír o logotipo.

Para obter o logotipo: <http://www.xunta.es/composicion-con-presidencia-e-consellerias>

Os materiais elaborados estarán suxeitos á licenza CREATIVE COMMONS de tipo BY-NC-SA.



Recoñecemento - NonComercial - Compartir igual (by-nc-sa):

Non se permite un uso comercial da obra orixinal nin das posibles obras derivadas, a distribución das cales debe facerse cunha licenza igual á que regula a obra orixinal.

para máis información: <http://www.edu.xunta.es/web/node/2562>

ANEXO I. MODELO DE PREINSCRICIÓN

Grupo de traballo:

 GT XERAL GT ABALAR

A persoa coordinadora cuxos datos se relacionan.

Apelidos, nome:		
Correo electrónico:	@edu.xunta.es	Teléfono
Nome do centro sede:		
Enderezo:		
Localidade:	Código postal:	
Concello:	Teléfono:	
Tipo de centro:	Público: <input type="checkbox"/>	Privado concertado: <input type="checkbox"/>
Número total de profesorado que podería estar implicado:		
Tema previsto:		

COMUNICA o interese do centro en participar na convocatoria de grupos de traballo realizada polo Centro de Formación e Recursos, para o curso académico 2011-2012 e solicita a colaboración do mesmo na elaboración do proxecto.

_____, _____ de _____ de 20 ____

O/a coordinador/a

Vº e prace
O/A director/a do centro
sede do grupo de traballo
(*sinatura e selo*)

Asdo.: _____ Asdo.: _____

Dirección do Centro de Formación e Recursos _____

ANEXO II. MODELO DE SOLICITUDE DE GRUPOS DE TRABAJO

Grupo de traballo:

 GT XERAL GT ABALAR

1. Título do grupo de traballo

--

2. Persoa coordinadora

Apelidos, nome:	NIF:	
Nivel educativo:	Centro:	
Correo electrónico:	@edu.xunta.es	Teléfono:
Enderezo particular:		
Localidade:	Código postal:	
Concello:		
Adscrito ao Centro de Formación e Recursos:		

3. Sede do grupo de traballo:

Centro:		
Enderezo:		
Localidade:	Código postal:	
Concello:		
Correo electrónico:	@edu.xunta.es	Teléfono:

4. Compoñentes do grupo de traballo que manifestan que cumpren os requisitos da convocatoria e non incorren en ningunha das incompatibilidades establecidas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Nº	Apelidos, nome/ Especialidade	NIF	Centro de destino/ correo electrónico	Sinatura
1			@edu.xunta.es	
2			@edu.xunta.es	
3			@edu.xunta.es	
4			@edu.xunta.es	
5			@edu.xunta.es	
6			@edu.xunta.es	
7			@edu.xunta.es	
8			@edu.xunta.es	
9			@edu.xunta.es	
10			@edu.xunta.es	
11			@edu.xunta.es	
12			@edu.xunta.es	

SOLICITA participar na convocatoria de grupos de traballo para o curso académico 2011-2012.

_____, ____ de _____ de 20 __

O/a coordinador/a

Vº e prace
O/A director/a do centro
sede do grupo de traballo
(*sinatura e selo*)

Asdo.: _____

Asdo.: _____

Dirección do Centro de Formación e Recursos _____

ANEXO III. GUIÓN PARA A ELABORACIÓN DO PROXECTO

1. Título do grupo de traballo.
2. Xustificación, que deberá contemplar, entre outros, os seguintes aspectos:
 - Punto de partida do grupo no referente ao desenvolvemento do traballo (contexto, formación e experiencia previa no tema obxecto do traballo).
 - Detección de necesidades para a identificación da área de mellora.
 - Autoavaliación da práctica educativa da que se parte.
 - Importancia do proxecto para a práctica pedagóxica do grupo de participantes.
3. Obxectivos de formación e de repercusión na práctica docente.
4. Programa de contidos e actividades coa súa temporalización.
5. Metodoloxía que se pretende seguir e procedementos de traballo previstos.
6. Organización de recursos humanos e materiais.
7. Establecemento de criterios e procesos para a avaliación dos diferentes aspectos do proxecto e da súa repercusión na práctica educativa referentes, polo menos, aos seguintes aspectos:
 - Análise e valoración das producións do grupo.
 - Aplicación e repercusión do proxecto na práctica educativa.
 - Metodoloxía empregada.
 - Grao de satisfacción do grupo co traballo realizado.
 - Organización dos recursos humanos e materiais.
 - Reflexións realizadas, logros e incidencia do proxecto.
 - Propostas de mellora e, no seu caso, de continuidade do traballo.
8. Temporalización: calendario e horario previstos para a realización do proxecto.
9. Necesidades orzamentarias, de acordo co establecido nas bases da convocatoria.
10. Indicación expresa de que para este grupo de traballo non foi recibida ningunha outra achega económica e que non se ten solicitada.

O proxecto dos Grupos de traballo ABALAR deberá axustarse á temática que se indica a continuación:

- Organización e liñas de actuación para a integración das TIC nas aulas (implicacións do profesorado, do alumnado, do resto de persoal do centro, emprego de recursos, disposición espacial das aulas, protocolos, etcétera)
- Emprego da metodoloxía de proxectos.
- Encerado Dixital Interactivo (EDI): uso e elaboración de recursos didácticos para o emprego na aula.
- Incorporación de boas prácticas educativas que usen as TIC como experiencias de aula.
- Elaboración de actividades facendo uso do software que se inclúe no equipamento Abalar.
- Elaboración de actividades facendo uso das ferramentas educativas da Web 2.0.
- Emprego de ferramentas colaborativas, tanto de aplicación directa na aula como para compartir materiais e experiencias co resto dos compañeiros.
- Emprego de contidos dixitais educativos do Espazo Abalar e outros repositorios e creación de novos contidos educativos dixitais mediante o uso de ferramentas de autor.
- Clasificación de recursos de interese para a docencia.
- Emprego didáctico das webs dinámicas dos centros (aulas virtuais, portal do centro).
- Elaboración de “Aventuras na Web”.

ANEXO IV. MEMORIA FINAL

1. Análise do contexto no que se desenvolveu o grupo de traballo.
2. Xustificación das variacións introducidas respecto do proxecto inicial, se é o caso.
3. Consecución dos obxectivos:
 - Obxectivos propostos.
 - Obxectivos acadados ao final do proceso.
 - Obxectivos non acadados ao final do proceso e causas que motivaron este feito.
4. Contidos desenvolvidos e actividades realizadas.
5. Criterios e procesos de avaliación empregados.
6. Conclusións: logros e incidencia no centro.
7. Relación detallada dos materiais didácticos elaborados e dos documentos que se entregan (en soporte de papel e informático).
8. Acta de resumo final asinada polo coordinador ou coordinadora e co visto e prace do xefe de estudos. Deberá incluír o nome e apelidos, o DNI, o NRP e as horas de traballo do profesorado que participou con regularidade no grupo de traballo.
9. Materiais elaborados.

4.3

CONVOCATORIA DE SEMINARIOS PERMANENTES.
2011-2012

Os Centros de formación e recursos da Comunidade Autónoma de Galicia, consecuentemente coas liñas básicas de formación do profesorado da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, poñen en marcha, para o vindeiro curso académico 2011-2012, diferentes sistemas de apoio ao perfeccionamento, entre os que se inclúe a convocatoria de seminarios permanentes dirixidos ao profesorado en activo de todos os niveis educativos, agás o universitario, que imparta ensinanzas en centros sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Tomando como base a importancia da colaboración entre o profesorado como elemento fundamental da formación en servizo, considérase o seminario permanente como un grupo de profesores e profesoras que seleccionan un aspecto concreto para:

- Traballar, investigar e experimentar novas propostas didácticas desde a óptica da innovación educativa.
- Desenvolver actividades de aula.
- Elaborar e/ou experimentar materiais de aula en equipo.

Os seminarios permanentes desenvolveranse conforme as seguintes bases:

Primeira. Características xerais

O proxecto de traballo que cada seminario vaia desenvolver durante o curso académico 2011-2012 axustarase, cando menos, aos puntos especificados no Anexo II desta convocatoria e desenvolverá prioritariamente un aspecto concreto do labor docente: metodoloxía didáctica, organización escolar, materiais de traballo, avaliación ou calquera outro aspecto relacionado co desenvolvemento e concreción curricular.

O seminario permanente, sempre que o tema obxecto de estudo o permita, incluírá a experimentación dos aspectos tratados, debendo recoller a memoria final ambas as dúas facetas do traballo.

Segunda. Compoñentes

O seminario permanente estará constituído por tres profesores ou profesoras como mínimo e seis como máximo, que impartan ensinanzas en centros sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordena-

ción Universitaria e pertencentes ao mesmo ou a distintos centros educativos.

Deberán pertencer ao ámbito do centro de formación e recursos no que se presenta a solicitude, como mínimo, os dous terzos do total dos compoñentes.

Un dos membros será o coordinador ou coordinadora do seminario permanente, que tamén deberá pertencer ao ámbito do Centro de formación e recursos.

A sede do seminario permanente será o centro educativo da persoa coordinadora.

A participación nun seminario permanente exclúe a participación noutros seminarios permanentes e grupos de traballo. Así mesmo exclúe a participación en proxectos de formación e asesoramento en centros coa mesma temática, e tamén nas convocatorias que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria establece como incompatibles coa de seminarios permanentes.

Terceira. Duración

A duración do seminario permanente será dun mínimo de 30 horas e un máximo de 50 durante o curso académico 2011-2012.

Cuarta. Orzamento e xestión

O orzamento proposto no proxecto non poderá exceder os 600,00 €, que será a cantidade máxima que se lle concederá a cada seminario permanente, destinados a desprazamentos, material funxible e bibliográfico.

En ningún caso se admitirán como xustificación de gastos os desprazamentos para as reunións dos compoñentes do seminario permanente.

A xestión económica e administrativa será responsabilidade da persoa asesora encargada do seminario permanente, que contará coa colaboración do coordinador ou coordinadora do mesmo.

O pagamento dispensarase a través do centro de formación e recursos con cargo aos seus orzamentos do plan anual.

Quinta. Solicitude

A solicitude, dirixida ao director ou directora do Centro de formación e recursos e cumprimentada segundo o modelo do Anexo I, presentarase, xunto á documentación pertinente, no Centro de formación e recursos ao que estea adscrito o centro sede do seminario permanente.

O prazo de presentación da documentación remata o 28 de outubro 2011.

Sexta. Documentación

A solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- Relación do profesorado comprometido, segundo o punto 4 do modelo de solicitude (Anexo I). Dentro desta relación figurará o nome do coordinador ou coordinadora, que se responsabilizará do desenvolvemento do proxecto.
- Proxecto, no que se desenvolvan os puntos recollidos no Anexo II. Este proxecto presentarse en soporte papel e informático.
- Visto e prace do director ou directora do centro proposto como sede do seminario permanente.

Sétima. Comisión de selección

A selección dos seminarios en cada Centro de formación e recursos será realizada pola comisión de selección prevista na convocatoria de proxectos de formación e asesoramento en centros.

Oitava. Selección

A comisión de selección reunirse nos 20 días seguintes ao remate do prazo de entrega das solicitudes para proceder á selección dos que, cumprindo os requisitos mencionados na base sexta desta convocatoria, se axusten aos seguintes criterios:

- Adecuación ás bases da convocatoria e ás liñas prioritarias de formación do profesorado establecidas pola administración e enmarcadas na LOE.
- Repercusión do proxecto na práctica docente mediante a aplicación na aula.
- Relevancia innovadora do proxecto.
- Coherencia entre obxectivos, contidos, actividades, metodoloxía e procesos de avaliación, así como concreción de todos os aspectos citados.
- Adecuación e coherencia da proposta de organización temporal e dos recursos humanos e materiais.

O proxecto contará, a tal efecto, co informe inicial da persoa asesora responsable do seminario permanente.

A acta da comisión deberá recoller a relación dos seminarios aprobados e excluídos na que constará o título, a persoa coordinadora, o centro sede, o número de horas e de participantes, así como o orzamento asignado, segundo o establecido

na base cuarta. No caso dos proxectos non seleccionados, especificaranse as razóns da exclusión.

Novena. Resolución

A resolución da convocatoria, coa relación de seminarios permanentes aprobados, denegados e excluídos, farase pública no taboleiro de anuncios do Centro de formación e recursos e comunicáraselle por escrito á persoa coordinadora de cada un dos seminarios presentados.

Contra esta resolución, as persoas interesadas poderán presentar as alegacións pertinentes, no Centro de formación e recursos, perante o presidente ou presidenta da comisión de selección, no prazo de 10 días contado a partir do seguinte ao da súa publicación.

Unha vez resolta a convocatoria, non se admitirán modificacións na relación de participantes.

Décima. Coordinación e asesoramento

A persoa asesora de formación responsable do seminario permanente, nun proceso colaborativo, asesorará ao grupo no desenvolvemento do traballo.

Décimo primeira. Seguimento

Correspóndelle á comisión de selección o seguimento do desenvolvemento dos seminarios.

As persoas asesoras responsables dos seminarios deberán elaborar un informe de seguimento antes da reunión da comisión de selección.

Décimo segunda. Memoria final

A persoa coordinadora do seminario permanente deberá presentar no centro de formación e recursos unha memoria final do traballo desenvolvido que terá como data límite de entrega o día 1 de xuño de 2012.

A memoria final de cada seminario permanente será entregada en soporte informático e deberá axustarse ao modelo do anexo III desta convocatoria.

A non realización e entrega da memoria final, no prazo sinalado nesta convocatoria, poderá ser causa de revogación da axuda concedida e librada, coa obriga de reintegrar a cantidade percibida e suporá a non certificación da actividade.

Décimo terceira. Avaliación final

A valoración do traballo desenvolvido polo seminario permanente será realizada pola comisión de selección, previo informe da persoa asesora responsable, tendo en conta a coherencia e a calidade da memoria presentada, para propoñerlle ao director ou directora do Centro de formación e recursos o número de horas, para os efectos de certificación.

Non poderá propoñer para a certificación ao profesorado que non asista ao 85% da duración do proxecto, segundo a lexislación vixente.

Décimo cuarta. Certificación

A dirección do Centro de formación e recursos expediralles aos membros do seminario permanente a certificación acreditativa da súa participación ou coordinación nel, unha vez presentada e avaliada positivamente a memoria final.

A certificación farase en función das horas de traballo dedicadas e xustificadas, a proposta da comisión, sen superar en ningún caso un máximo de 50 horas.

Décimo quinta. Difusión e publicación de materiais

O material elaborado quedará depositado no centro de formación e recursos para consulta do profesorado interesado e poderá ser difundido por este.

Se as persoas compoñentes dun seminario permanente deciden publicar os materiais elaborados, deberán axustarse á normativa vixente, tanto na orixinalidade dos materiais como no uso de imaxes. Deberá, tamén, facer constar que tivo subvención da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e incluír o logotipo.

Para obter o logotipo: <http://www.xunta.es/composicion-con-presidencia-e-consellerias>

Os materiais elaborados estarán suxeitos á licenza CREATIVE COMMONS de tipo BY-NC-SA.



Recoñecemento - NonComercial - Compartir igual (by-nc-sa):

Non se permite un uso comercial da obra orixinal nin das posibles obras derivadas, a distribución das cales debe facerse cunha licenza igual á que regula a obra orixinal.

para máis información: <http://www.edu.xunta.es/web/node/2562>

ANEXO I. MODELO DE SOLICITUDE DE SEMINARIOS PERMANENTES

1. Título do seminario permanente:

--

2. Persoa coordinadora

Apelidos, nome:	NIF:	
Nivel educativo:	Centro:	
Correo electrónico:	@edu.xunta.es	Teléfono:
Enderezo particular:		
Localidade:	Código postal:	
Concello:		
Adscrito ao Centro de Formación e Recursos:		

3. Sede do seminario permanente:

Centro:		
Enderezo:		
Localidade:	Código postal:	
Concello:		
Correo electrónico:	@edu.xunta.es	Teléfono:

ANEXO II. GUIÓN PARA A ELABORACIÓN DO PROXECTO

1. Título do seminario permanente.
2. Xustificación, que deberá contemplar, entre outros, os seguintes aspectos:
 - Punto de partida do grupo no referente ao desenvolvemento do traballo (contexto, formación e experiencia previa no tema obxecto do traballo).
 - Detección de necesidades para a identificación da área de mellora.
 - Autoavaliación da práctica educativa da que se parte.
 - Importancia do proxecto para a práctica pedagóxica do grupo de participantes.
3. Obxectivos de formación e de repercusión na práctica docente.
4. Programa de contidos e actividades coa súa temporalización.
5. Metodoloxía que se pretende seguir e procedementos de traballo previstos.
6. Organización de recursos humanos e materiais.
7. Establecemento de criterios e procesos para a avaliación dos diferentes aspectos do proxecto e da súa repercusión na práctica educativa referentes, polo menos, aos seguintes aspectos:
 - Análise e valoración das producións do grupo.
 - Aplicación e repercusión do proxecto na práctica educativa.
 - Metodoloxía empregada.
 - Grao de satisfacción do grupo co traballo realizado.
 - Organización dos recursos humanos e materiais.
 - Reflexións realizadas, logros e incidencia do proxecto.
 - Propostas de mellora e, no seu caso, de continuidade do traballo.
8. Temporalización: calendario e horario previstos para a realización do proxecto.
9. Necesidades orzamentarias, de acordo co establecido nas bases da convocatoria.
10. Indicación expresa de que para este seminario permanente non foi recibida ningunha outra achega económica e que non se ten solicitada.

ANEXO III. MEMORIA FINAL

1. Análise do contexto no que se desenvolveu o seminario permanente.
2. Xustificación das variacións introducidas respecto do proxecto inicial, se é o caso.
3. Consecución dos obxectivos:
 - Obxectivos propostos.
 - Obxectivos acadados ao final do proceso.
 - Obxectivos non acadados ao final do proceso e causas que motivaron este feito.
4. Contidos desenvolvidos e actividades realizadas.
5. Criterios e procesos de avaliación empregados.
6. Conclusións: logros e incidencia no centro.
7. Relación detallada dos materiais didácticos elaborados e dos documentos que se entregan (en soporte papel e informático).
8. Acta de resumo final asinada pola persoa coordinadora e co visto e prace da xefatura de estudos. Deberá incluír o nome e apelidos, o DNI, o NRP e as horas de traballo do profesorado que participou con regularidade no seminario permanente.
9. Materiais elaborados.